

Exercicios autoavaliabes

As formas de elocución

1. Cal é o étimo de *elocución*? Define o concepto “forma de elocución”.
2. Clasifica, segundo as formas de elocución os seguintes textos. Xustifica a clasificación:

Texto A:

Tiña eu once anos cando meu pai, que estaba na Arxentina, nos chamou cabo de si; e alá fomos embarcados, a miña nai e mais eu, nun paquete alemán. E axiña de arribar a Buenos Aires pillamos un tren que corría moito e logo un tren que corría pouco e despois un coche de cabalos que nos levou a tombos polo deserto da Pampa. Naquela soedade plantara meu pai unha casa para facerse rico, cavilando sempre nos eidos nativos; e era forza pechar os ollos ao circio traballo en espera do retorno feliz.

Castelao: *Retrincos*, “O segredo”, 1934.

Texto B:

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo. O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no verán súdao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, como as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o é o miolo de D. Celidonio. Se lle escacharan a testa, que tiña que ser con paoferro e picaraña, en lugar dunha sesada habían atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro que por afora: carne e espírito son a mesma zorza, mesturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pementa. [...]

Vicente Risco: *O porco de pé*, 1928.

Texto C:

O xastre Nogueira fixo de D. Celidonio un señor: chaqueta e chaleco negros; pantalón de listas; camisola branca, co colo amidonado; gravata escura...; leontina de ouro, delgadiña, nos bolsos de abaixo do chaleco; botinas lustradas, polainas grises; bimba na cabeza, sortellas nos dedos con pedras finas; guantes de gamuza, abrigo de peles, sobretudo con solapa de raso de seda, reloxo de ouro, moedeiro de ouro, carteira de pel de Rusia, caxata de Xava, pipa de ámbar para pito e para puro, pano de seda para os mocos...

Vicente Risco: *O porco de pé*, 1928.

Texto D:

Este macizo pétreo distínguese nidiamente sobre do seu contorno, percibíndose dun xeito evidente que se trata dun horts. Dunha parte queda delimitado pola entalladura que o orixina, o río Xallas no seu treito final; do outro lado está a prolongada planicie pola que se estenden a lagoa e marismas de Caldebarcos e o longo areal de Carnota; por atrás, outra amplísima superficie que é a penechaira do Xallas; e de fronte está o mar...

De lonxe, o monte Pindo, semella ser como unha gran testa, culminada pola redondez do cumio da Moa, a 627 metros de altura. Mais na realidade son múltiples picoutos os constituíntes da montaña, case todos eles rematados aguda e abruptamente; así que a forma donda do seu máximo cume é a única excepción.

Roxelio P. Moreiras: *Natureza próxima: Monte Pindo. Tempos novos.*

Texto E:

Eran aqueles tempos de fame e penuria e só se compraba aceite para as ensaladas polo verán e azucre para moi raras ocasións. Se había que fritir un ovo, graxa de porco, se quentar unhas patacas, graxa de porco, para todo graxa de porco, que se gardaba nun cacharro de barro, da que se lograba, ao facer os roxóns de fóra ou de dentro. Os xamóns vendíanse a metade, o resto, que podían ser dous, comíanse de pascuas en venres (festa do Patrón, matanza do ano seguinte, algún domingo. Ao mellor habían que mandar un a Venezuela para un familiar próximo que estaba na emigración). Nas merendas dos rapaces uns días touciño e outros pan con aceite e, se a avoa estaba de quero, igual che daba unha onza de chocolate Chaparro.

Alfonso Rey López: *Aqueles tempos. 2007.*

Texto F:

Nestes días hai moitos enterros. Non sei se haberá andacio, pois revolución non debe habela coa cobardía que teñen os vivos. Cicais haxa folga de médicos, anque non coido que os médicos poidan evitar a mortandade.

A carón de min enterraron un e para saír de dúbidas peteille na súa caixa.

- ¿Hai andacio na cidade?

- ¡Eu que sei! – respondeume unha voz coma se saíse por unha boca chea de papas. (Debe ser xa podre a lingua).

- ¿E logo vostede non sabe de qué morreu?

- ¿Eu? ¡Eu pegueime un tiro!

Déronme ganas de rir, pero non puiden. Os esqueletes non rin a cachón. O bandullo é a fonte de gargallada e sen bandullo non pode haber gargallada.

Castelao: *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete. 1922.*

3. Pon exemplos nos que a grafía x represente o fonema consonántico /x/, fricativo prepalatal xordo en posición explosiva dentro da sílaba, en posición inicial ou interior.
4. As palabras que empezan por biblio- ('libro') escríbense con b, pon tres exemplos.
5. As palabras que comezan por *vila*- escríbense con v, pon tres exemplos.

Solucións:

1. Elocución vén do verbo latino eloquor que significaba ‘falar’, ‘expoñer’. Así pois “forma de elocución” será a forma de expoñer (cada unha das diversas maneiras que un emisor ten para mostrar ó receptor unha realidade).
2. Texto A: narrativo-descriptivo. Texto B: descriptivo, retrato. Texto C: descriptivo, prosopografía. Texto D: descriptivo, topografía. Texto E: descriptivo, cronografía. Texto F: dialogado (monólogo e diálogo).
3. Cóxegas, cervexa, elixir (verbo), enxalzar, enxiva, fixo, graxa, lixivia, tóxico, obxecto, oxalá, pelexa, suxeitar, suxeito, taxa, taxación, xantar, xaque, xastre, xel, xenético, xeonllo, xeroglífico, xogar, xogo, xordo.
4. Biblioteca, bibliófilo, bibliografía.
5. *Vilán, Vilanova, vilancico.*